

12.1 Introducción

Neste apartado, no que se examinan os expedientes de regulación de emprego tramitados e as e os traballadores afectados polos mesmos, téñense en conta, fundamentalmente, no referido a Galicia, os datos facilitados pola Consellería de Traballo, competente nesta materia; completados con aqueles nos que, a súa competencia, se reserva á Administración Central, segundo os datos publicados polo Ministerio de Traballo e Inmigración. Así mesmo, hai que facer constar que a existencia de pacto refírese a aqueles casos en que se chegou a acordo coas representacións legais das e dos traballadores, non incluíndose, polo tanto, aqueles en que, aínda existindo algún tipo de acordo, este non vincula á autoridade laboral.

As regulación legal fai que se canalicen á vía xudicial posterior, extincións de contratos que antes requirían a autorización administrativa previa, non obstante é interesante o exame dos datos, xa que todas as suspensións de contratos por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou as derivadas de forza maior canalízanse por esta vía, así como as extincións nos, agora denominados, pedimentos colectivos.

Inclúese tamén neste capítulo o Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) por estar intimamente relacionado coa regulación de emprego.

12.2 Regulación de emprego

No primeiro cadro ofrécese, con datos do Ministerio de Traballo e Inmigración, unha visión xeral dos traballadores afectados en Galicia polos efectos dos expedientes de regulación de emprego baseándose na información subministrada pola Dirección Xeral de Traballo, da Comunidade Autónoma ou das Areas de Traballo, dependendo da autoridade laboral á que compete a súa resolución. Examinando as cifras pode verse que é maior o número de traballadores/as afectados pola suspensión de contratos e que os traballadores/as da provincia de Pontevedra son os máis afectados/as polos expedientes de extinción e suspensión.

■ Cadro 12.1

Traballadores afectados por expedientes autorizados segundo tipo e efecto do expediente, Galicia. Por provincias

Provincias	TOTAL				PACTADOS				NO PACTADOS			
	Total	Extinción	Suspensión	Redución	Total	Extinción	Suspensión	Redución	Total	Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	5.980	712	4.610	658	3.414	341	2.460	613	2.566	371	2.150	45
Lugo	1.313	53	1.231	29	1.313	53	1.231	29	0	0	0	0
Ourense	1.441	81	1.318	42	1.433	81	1.310	42	8	0	8	0
Pontevedra	15.702	1.462	13.803	437	13.054	1.428	11.208	418	2.648	34	2.595	19
Galicia	24.436	2.308	20.962	1.166	19.214	1.903	16.209	1.102	5.222	405	4.753	64

Fonte: Ministerio de Traballo e Inmigración.

No que se refire concretamente aos tramitados pola Comunidade Autónoma, no cadro de expedientes resoltos (cadro 12.2), a provincia de Pontevedra, en xeral, é a que maior número de expedientes e traballadores/as afectados reflicte. Obsérvase un maior número de expedientes autorizados pactados que os que non teñen acordo.

■ Cadro 12.2

Expedientes de regulación de emprego resoltos e traballadores afectados, segundo o ámbito territorial, tipo e forma de resolución. Galicia 2009.

ÁMBITO	Expedientes autorizados						Expedientes non autorizados	Expedientes desistidos
	Pactados		Non Pactados		Totais			
	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes	Trab. Afectados	Expedientes autorizados	Trab. Afectados		
A Coruña	122	3.227	316	3.217	438	6.444	8	20
Lugo	91	1.101	0	0	91	1.101	0	3
Ourense	48	1.316	1	5	49	1.321	3	3
Pontevedra	385	11.982	283	2.651	668	14.633	8	16
Ámbito autonómico	6	650	0	0	6	650	1	2
Totais	652	18.276	600	5.873	1.252	24.149	20	44

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar.

No análise dos expedientes pola medida autorizada (cadro 12.3), pode verse a afectación maioritaria dos expedientes de medida de suspensión, sendo, neste caso, maior o número nos expedientes autorizados non pactados.

■ **Cadro 12.3** Expedientes de regulación de emprego autorizados segundo o ámbito territorial, medida e tipo de resolución. Galicia 2009.

ÁMBITO	Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	20	382	38
Lugo	2	79	7
Ourense	7	36	8
Pontevedra	42	581	42
Autónómicos	1	4	3
Totais	72	1.082	98

Expedientes autorizados pactados

ÁMBITO	Expedientes autorizados pactados	MEDIDAS		
		Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	122	13	78	33
Lugo	91	2	79	7
Ourense	48	7	35	8
Pontevedra	385	38	311	39
Autónómicos	6	1	4	3
Totais	652	61	507	90

Expedientes autorizados non pactados

ÁMBITO	Expedientes autorizados non pactados	MEDIDAS		
		Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	316	7	304	5
Lugo	0	0	0	0
Ourense	1	0	1	0
Pontevedra	283	4	270	3
Autónómicos	0	0	0	0
Totais	600	11	575	8

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Polo que se refire aos traballadores afectados, destaca o número dos incursos en expedientes de suspensión, claramente maior nos pactados.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados segundo o ámbito territorial, medida e tipo de resolución. Galicia 2009

■ Cadro 12.4

ÁMBITO	Traballadores afectados	Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	6.444	609	5.146	689
Lugo	1.101	22	1.049	30
Ourense	1.321	90	1.190	41
Pontevedra	14.633	1.343	12.885	405
Autonómicos	650	2	617	31
Totais	24.149	2.066	20.887	1.196

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados pactados

ÁMBITO	Traballadores afectados	MEDIDAS		
		Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	3.227	290	2.299	638
Lugo	1.065	22	1.049	30
Ourense	1.316	90	1.185	41
Pontevedra	11.982	1.321	10.261	400
Autonómicos	650	2	617	31
Totais	18.240	1.725	15.411	1.140

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados non pactados

ÁMBITO	Traballadores afectados	MEDIDAS		
		Extinción	Suspensión	Redución
A Coruña	3.217	319	2.847	51
Lugo	0	0	0	0
Ourense	5	0	5	0
Pontevedra	2.651	22	2.624	5
Autonómicos	0	0	0	0
Totais	5.873	341	5.476	56

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados, segundo o ámbito territorial, sexo e medida. Galicia 2009

■ **Cadro 12.5**

ÁMBITO	Total traballadores afectados	Homes	Mulleres
A Coruña	6.444	5.393	1.051
Lugo	1.101	871	230
Ourense	1.321	1.149	172
Pontevedra	14.633	12.429	2.204
Autonómicos	650	650	0
Totais	24.149	20.492	3.657

Traballadores afectados pola medida de extinción

ÁMBITO	Total traballadores afectados por extinción	Homes	Mulleres
A Coruña	609	317	292
Lugo	22	21	1
Ourense	90	64	26
Pontevedra	1.343	1.002	341
Autonómicos	2	2	0
Totais	2.066	1.406	660

Traballadores afectados pola medida de suspensión

ÁMBITO	Total traballadores afectados por suspensión	Homes	Mulleres
A Coruña	5.146	4.477	669
Lugo	1.049	825	224
Ourense	1.190	1.058	132
Pontevedra	12.885	11.125	1.760
Autonómicos	617	617	0
Totais	20.887	18.102	2.785

Traballadores afectados pola medida de redución

ÁMBITO	Total traballadores afectados por redución	Homes	Mulleres
A Coruña	689	599	90
Lugo	30	25	5
Ourense	41	27	14
Pontevedra	405	302	103
Autonómicos	31	31	0
Totais	1.196	984	212

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar.

12.3 Causas dos expedientes

Non capítulo das causas dos expedientes (cadros 12.6 e 12.7), resalta a da forza maior como as que dan lugar ao maior numero de expedientes sendo o maior número de traballadores/as afectados por causas organizativas.

■ Cadro 12.6

Expedientes de regulación de emprego autorizados segundo o ámbito territorial e as causas alegadas. Galicia 2009.

ÁMBITO	Expedientes autorizados	Causas				
		Económicas	Técnicas	Organizativas	Forza maior	Outras
A Coruña	438	61	13	143	305	2
Lugo	91	18	3	18	55	
Ourense	49	17	7	52	1	
Pontevedra	668	44	22	354	267	5
Autonómicos	6	3	1	6		
Totais	1.252	143	46	573	628	7

(Hai que ter en conta que un expediente de regulación de emprego autorizado pode estar motivado por máis dunha causa, polo que a suma do número de expedientes de cada causa pode resultar un número maior que a suma do total dos expedientes).

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

■ Cadro 12.7

Traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados, segundo o ámbito territorial e as causas alegadas. Galicia 2009

ÁMBITO	Expedientes autorizados	Causas					Traballadores afectados por máis dunha causa
		Económicas	Técnicas	Organizativas	Forza maior	Outras	
A Coruña	6.444	248	39	2.215	2.812		1.130
Lugo	1.466	262	74	391	374		365
Ourense	956	21		930	5		
Pontevedra	14.633	472	91	11.778	2.282	10	
Autonómicos	650	22		628			
Totais	24.149	1.025	204	15.942	5.473	10	1.495

(Ao cadro anterior hai que sumarlle 1.130 traballadores afectados por expedientes de regulación de emprego autorizados na provincia da Coruña e de 365 traballadores na provincia de Lugo, nos que concorre máis dunha causa alegada nun mesmo expediente).

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar.

12.4 Evolución experimentada

Unha observación simple dos últimos anos (cadro 12.8), permite apreciar un importante incremento en relación co ano anterior no número de expedientes que case triplica as cifras e case se multiplica por catro o número de traballadores/as afectados, o que reflicte a situación que, durante este ano, afecta gravemente ao mundo laboral.

■ Cadro 12.8

Evolución expedientes segundo medida e provincias. Galicia 2009

Expedientes	2006	2007	2008	2009
A Coruña	72	133	158	438
Lugo	14	19	24	91
Ourense	10	3	21	49
Pontevedra	153	144	220	668
Ámbito autonómico			3	6
Total	249	299	426	1.252

Traballadores	2006	2007	2008	2009
A Coruña	1.102	1.271	1.755	6.444
Lugo	75	148	220	1.101
Ourense	154	36	278	1.321
Pontevedra	1.585	1.487	3.945	14.633
Ámbito autonómico			69	650
Total	2.916	2942	6267	24.149

Suspensión	2006	2007	2008	2009
A Coruña	475	1.013	1.546	5.146
Lugo	58	111	209	1.049
Ourense	63	12	155	1.190
Pontevedra	1.384	1.243	3.498	12.885
Ámbito autonómico			45	617
Total	1.980	2379	5453	20.887

Reducción	2006	2007	2008	2009
A Coruña	10	0	28	689
Lugo	3	1	3	30
Ourense	0	0	19	41
Pontevedra	0	0	19	405
Ámbito autonómico				31
Total	13	1	69	1.196

■ Cadro 12.8
(continuación)

Rescisión	2006	2007	2008	2009
A Coruña	617	258	181	609
Lugo	14	36	8	22
Ourense	91	24	104	90
Pontevedra	201	244	428	1343
Ámbito autonómico			24	2
Total	923	562	745	2.066

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Con datos do Ministerio de Traballo e Inmigración, pódese observar o mesmo feito posto de manifesto no parágrafo anterior; resaltando a diferenza que se aprecia en relación con todos os anos anteriores, circunstancia que é mais grave se se examina coa limitación que, na variación normativa, supuxo a restrición na canalización das extincións pola vía dos expedientes de regulación de emprego para estas causas concretas.

**Evolución dos expedientes de regulación de emprego autorizados e
traballadores/as afectados/as. Galicia. 2000-2009**

■ Cadro 12.9

	Nº expedientes	Traballadores/as afectados/as
2000	453	7.505
2001	608	6.599
2002	407	3.533
2003	301	2.349
2004	288	2.045
2005	384	4.809
2006	324	3.062
2007	399	3.155
2008	478	6.801
2009	1.364	24.436

Elaboración propia.

Fonte: Ministerio de Traballo e Inmigración.

12.5 Fondo de garantía salarial

O FOGASA é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Traballo e Inmigración, dotado de personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Finánciase con fondos públicos e con achegas empresariais consistentes nunha porcentaxe sobre os salarios dos traballadores ao seu cargo que serven de base para o cálculo das cotizacións por accidente de traballo, enfermidade profesional e desemprego, revisable polo Goberno en función das necesidades do FOGASA

(Disposición Final Cuarta ET). Reduciuse á metade a cotización empresarial ao FOGASA, pasando de 0,40 puntos a 0,20 puntos.

O FOGASA realiza as seguintes funcións:

1. Nos casos de insolvencia ou de situación concursal, o FOGASA abonará, como responsable subsidiario, determinadas:
 - a) Prestacións por salarios pendentes.
 - b) Prestacións indemnizatorias.
2. Nos casos de extinción do contrato de traballo polas causas a que se refiren os arts. 51 e 52.c) do ET, o FOGASA abonará, como responsable principal, o 40 por 100 das indemnizacións correspondentes sempre que a empresa teña menos de 25 traballadores, con independencia de cal sexa a súa situación patrimonial.
3. Nos casos de extinción do contrato de traballo por forza maior o FOGASA abonará, como responsable principal, aquelas indemnizacións de cuxo pago sexa liberado o empresario por decisión da autoridade laboral, con independencia de cal sexa a situación patrimonial da empresa (art. 51.12 ET).

■ Situación concursal ou de insolvencia empresarial

Nestes casos, o FOGASA abonará:

- a) Os salarios pendentes de pago fixados en sentenza ou acto de conciliación (administrativa ou xudicial) co límite máximo da cantidade resultante de multiplicar o triplo do salario mínimo interprofesional diario, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias, polo número de días pendentes de pago cun máximo de cento cincuenta días (art. 33.1 ET).
- b) As prestacións por salarios pendentes comprenden tanto os salarios que o empresario deba aos traballadores como os salarios de tramitación nos casos que legalmente procedan (art. 33.1 ET).

Considérase salario a cantidade recoñecida por todos os conceptos a que se refire o art. 26.1 ET (art. 33.1 ET), incluíndo as pagas extraordinarias.

Para que entre en xogo a responsabilidade do FOGASA, é suficiente con que sexa declarada a insolvencia da empresa.

- c) As indemnizacións recoñecidas en sentenza, auto, acto de conciliación xudicial ou resolución administrativa nos casos de despedimento, extinción a instancia do traballador do art. 50 do ET, extinción do contrato por causas técnicas, económicas, organizativas ou produtivas “ex arts. 51 e 52.c) do ET” ou por forza maior e de extinción de contratos conforme ao art. 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, así como as indemnizacións por extinción de contratos temporais ou de duración determinada nos casos que legalmente procedan (art. 33.2 ET, segundo redacción do RD Ley 52006, de 9 de xuño); non así nos supostos de extinción por mutuo acordo.

■ Cadro 12.10

Importe das prestacións acordadas, por comunidade autónoma e provincia. 2009

	Valores absolutos En miles de euros		Variacións sobre o ano anterior					
			Absolutas En miles de euros			Relativas En porcentaxe		
	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009
	16.423,5	34.964,2	-4.807,2	5.724,6	18.540,8	-31,0	53,5	112,9
GALICIA								
A Coruña	8.162,7	14.956,0	-99,6	2.982,9	6.793,3	-1,9	57,6	83,2
Lugo	1.261,6	6.144,7	-537,0	143,0	4.883,2	-32,4	12,8	387,1
Ourense	1.873,9	2.873,5	-429,3	1.079,3	999,6	-35,1	135,8	53,3
Pontevedra	5.125,3	10.990,0	-3.741,3	1.519,4	5.864,7	-50,9	42,1	114,4

Fonte: FOGASA.

■ Cadro 12.11

Importe das prestacións acordadas por insolvencia, por comunidade autónoma e provincia. 2009

	Valores absolutos En miles de euros		Variacións sobre o ano anterior					
			Absolutas En miles de euros			Relativas En porcentaxe		
	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009
	13.642,3	27.656,3	-5.057,8	4.611,0	14.014,0	-35,9	51,1	102,7
GALICIA								
A Coruña	6.682,2	11.283,6	-470,2	2.587,2	4.601,4	-10,3	63,2	68,9
Lugo	1.079,4	5.341,0	-551,6	150,5	4.261,6	-37,3	16,2	394,8
Ourense	1.495,1	2.474,1	-358,3	774,3	979,0	-33,2	107,4	65,5
Pontevedra	4.385,6	8.557,6	-3.677,7	1.099,0	4.172,0	-52,8	33,4	95,1

Fonte: FOGASA.

As prestacións indemnizatorias están suxeitas aos seguintes límites (art. 33.2 ET, segundo redacción do RDL 52006, de 9 de xuño):

- O límite máximo da prestación a abonar será dunha anualidade, isto é, de doce mensualidades e dúas pagas extraordinarias, salvo que estivesen prorrateadas nas mensualidades.
- O salario base de cálculo será o realmente percibido polo traballador sen que poida exceder do triplo do salario mínimo interprofesional, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- Nos casos de despedimentos disciplinarios ou extinción de contratos conforme ao art. 50 ET, o importe da indemnización calcularase sobre a base de trinta días por ano de servizo cos límites anteriores.

■ Extincións do contrato “ex arts. 51 e 52.c) ET” en empresas con menos de 25 traballadores

No suposto de empresas con menos de vinte e cinco traballadores, o FOGASA, nos casos de extinción do contrato de traballo polas causas a que se refiren os arts. 51 e 52.c ET e 64 da Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, abonará o 40% da indemnización legal aos traballadores cuxos contratos se extinguiron polas mencionadas causas (art. 33.8 ET).

A efectos do cómputo dos traballadores, entran todos os traballadores da empresa con contrato en vigor, calquera que sexa a súa modalidade contractual.

A cantidade a abonar polo FOGASA é a do 40 por 100 da indemnización legal que corresponda aos traballadores. O seu cálculo deberá realizarse sobre as indemnizacións axustadas a límites previstos no número dous do art. 33 ET, isto é,

axustándose a unha anualidade como máximo, sen que o salario diario base de calculo poida exceder do duplo do salario mínimo interprofesional.

A indemnización restante –o 60 por 100– deberá ser abonado pola empresa e, caso de que non se fixese, poderá solicitarse o seu abono ao FOGASA, rexéndose polas normas relativas ás prestacións indemnizatorias axustándose, en todo caso aos límites do art. 33.2 do ET.

Cando no período de consultas pactácese unha indemnización superior á legal, iso non exonerará de responsabilidade ao FOGASA, que seguirá existindo nos termos establecidos polo art. 33.8 do ET, é dicir, limitada ao 40 por 100 da indemnización legal e non ao superior que puidese pactarse.

■ Cadro 12.12 Importe das prestacións acordadas por regulación, por comunidade autónoma e provincia. 2009

	Valores absolutos En miles de euros		Variacións sobre o ano anterior					
			Absolutas En miles de euros			Relativas En porcentaxe		
	2008	2009	2007	2008	2009	2007	2008	2009
GALICIA	2.781,2	7.308,0	250,6	1.113,5	4.526,9	17,7	66,8	162,8
A Coruña	1.480,5	3.672,4	370,6	395,7	2.191,9	51,9	36,5	148,1
Lugo	182,2	803,7	14,6	-7,5	621,5	8,3	-4,0	341,1
Ourense	378,8	399,5	-71,0	305,0	20,7	-49,0	413,3	5,5
Pontevedra	739,6	2.432,4	-63,6	420,3	1.692,8	-16,6	131,6	228,9

Fonte: FOGASA.

Tendo en conta os distintos procedementos de extinción do contrato (arts. 51 e 53 ET), o FOGASA abonará o 40% da indemnización legal prevista no art. 33.8 ET aos traballadores, a condición de que a empresa non lles abonou o 100% da indemnización. En caso contrario, sempre que a empresa acredite o abono do total indemnizatorio, será esta quen percibirá a porcentaxe indemnizatoria a cargo do FOGASA.

■ Extinción do contrato por forza maior

Nos casos de extinción dos contratos de traballo por forza maior, a autoridade laboral poderá acordar que a totalidade ou parte da indemnización que corresponda aos traballadores afectados sexa satisfeita polo FOGASA, sen prexuízo do dereito deste a resarcirse do empresario (art. 51.12 ET).

Trátase dunha obrigação que tampouco está ligada á situación patrimonial da empresa e cuxo orixe reside na decisión da autoridade laboral, tratándose dun suposto típico e especial de responsabilidade.

A contía será a que sinale a autoridade laboral, podendo ser a totalidade ou parte da indemnización legal, isto é, a de vinte días por ano de servizo co límite de doce mensualidades.

No caso de que a autoridade laboral non acorde a exoneración total do empresario, será este o responsable do pago (total ou parcial) da indemnización e, se non a pagase, “para que o FOGASA abone as prestacións correspondentes, será necesario acreditar a situación de insolvencia, suspensión de pagos, quebra ou concurso” da empresa,

Os datos dos cadros 12.10 a 12.15 permítenos coñecer o importe total das prestacións abonadas en 2009 en Galicia, 34.964 en miles de euros (16.423,5 en

2008), o que representa un 4,19% do total de España (833.758,6). un incremento interanual dun 114% como efecto da crese económica.

Dos importes por insolvencia (27.656,3) o 79%, ten a súa causa en insolvencia empresarial e o 20,90 % ten a súa orixe en regulación de emprego. Do total de prestacións acordadas en Galicia con causa en insolvencia (11.666,3 en miles de euros), un 42,18 % serviron para abonar salarios debidos e garantidos, e un 57,81 % (15.990,0 en miles de euros) para o abono de indemnizacións.

O cadro 12.14 informa do número de empresas afectadas en 2009: 2.566 (ano 2008: 1.273 empresas), sendo por insolvencia 1.019, e por regulación de emprego (1.389). e tamén do número de traballadores/as beneficiarios do FOGASA, un total de 7.318, deles 4.676 homes e 2.268 mulleres, percibindo prestacións por un importe de 34.964,3 en miles de euros.

■ Cadro 12.13 Traballadores beneficiarios e prestacións acordadas, segundo sexo, por comunidade autónoma e provincia. Ano 2009. Importe en miles de euros

	TOTAL		VARÓNS		MULLERES		NON CONSTA	
	Traballadores	Importe das prestacións	Traballadores	Importe das prestacións	Traballadores	Importe das prestacións	Traballadores	Importe das prestacións
	7.318	34.964,2	4.676	23.807,2	2.268	9.757,5	374	1.399,5
GALICIA								
A Coruña	3.096	14.956,0	1.855	9.449,1	1.089	4.959,8	152	547,1
Lugo	1.054	6.144,7	755	4.876,0	231	1.026,5	68	242,2
Ourense	653	2.873,5	410	1.828,6	225	950,5	18	94,4
Pontevedra	2.515	10.990,0	1.656	7.653,5	723	2.820,7	136	515,8

Fonte: FOGASA.

■ Cadro 12.14 Empresas afectadas e prestacións acordadas, segundo causa da prestación, por comunidade autónoma e provincia. Ano 2009. Importe en miles de euros

	TOTAL				POR INSOLVENCIA				POR REGULACIÓN DE EMPREGO			
	Empresas		(1) Importe das prestacións		Empresas		Importe das prestacións		Empresas		Importe das prestacións	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009	2008	2009
	1.273	2.566	16.423,5	34.964,3	795	1.019	13.642,3	27.656,3	478	1.389	2.781,1	7.308,0
GALICIA												
A Coruña	557	1.141	8.162,7	14.956,0	306	399	6.682,2	11.283,6	251	670	1.480,5	3.672,4
Lugo	129	354	1.261,6	6.144,7	82	146	1.079,4	5.341,0	47	184	182,2	803,7
Ourense	128	202	1.873,9	2.873,6	74	107	1.495,1	2.474,1	54	86	378,8	399,5
Pontevedra	459	869	5.125,3	10.990,0	333	367	4.385,6	8.557,6	126	449	739,6	2.432,4

(1) O número de empresas que figura no Total non se corresponde coa suma dos parciais, xa que unha mesma empresa pode estar ubicada en varias provincias. Do mesmo modo, unha mesma empresa pode recibir varios tipos de prestacións.

Fonte: FOGASA.

■ Cadro 12.15 Importe das prestacións acordadas segundo causa, por comunidade autónoma e provincia. 2009

	TOTAL	POR INSOLVENCIA			POR REGULACIÓN DE EMPREGO
		Total	Salarios	Indemnizacións	
GALICIA	34.964,3	27.656,3	11.666,3	15.990,0	7.308,0
A Coruña	14.956,0	11.283,6	4.333,4	6.950,2	3.672,4
Lugo	6.144,8	5.341,1	2.485,7	2.855,4	803,7
Ourense	2.873,5	2.474,0	1.132,8	1.341,2	399,5
Pontevedra	10.990,0	8.557,6	3.714,4	4.843,2	2.432,4

Fonte: FOGASA.